

XEFATURA DO ESTADO

10454 *REAL DECRETO LEI 10/2005, do 20 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas.* («BOE» 147, do 21-6-2005, e «BOE» 151, do 25-6-2005.)

A evolución climática do actual ano agrícola caracterizouse por un acusado déficit de precipitacións, de tal maneira que en moitas zonas do territorio nacional se rexistrou a máis baixa pluviometría coñecida en moitos lustros.

Esta situación de seca especialmente intensa afectou, en moitos casos, a nacemento e o normal desenvolvemento dos cultivos de secaño, así como os cultivos de regadío das zonas afectadas ben por insuficiencia da auga encorada para atender a demanda de rega, ben pola forte redución das reservas nos acuíferos que proporcionan a auga de rega. Tamén a falta de precipitacións tivo efectos nocivos nos cultivos leñosos, que se sumaron en moitas áreas aos xa ocasionados polas xeadas.

Particularmente desfavorable é a incidencia desta adversidade climática na gandaría extensiva, en que a ausencia de choiva impediu o desenvolvemento dos pastos que constitúen a base da súa alimentación, polo que se tivo que recorrer á compra de alimentos substitutivos, pensos e forraxes, e, en determinadas zonas, ao transporte de auga para o gando, o que incrementou de maneira notable os custos de produción.

É preciso sinalar que a insuficiente floración derivada da seca está tendo unha singular incidencia na apicultura que, con maiores gastos de alimentación, terá descensos acusados de produción de mel e de pole, nunhas circunstancias de mercado especialmente desfavorables para estes produtos.

As extremadas condicións climáticas que vén padecendo este ano o sector agrario español ameazan a viabilidade económica de moitas explotacións agrarias e a súa propia pervivencia como unidades produtivas, o que afectaría seriamente a economía das comarcas agrarias e o desenvolvemento doutros sectores de actividade económica relacionados coa agricultura.

En consecuencia, para posibilitar a continuidade da actividade produtiva das explotacións agrarias que sufriron os efectos da seca, o Goberno considera necesario adoptar un conxunto de medidas, con carácter urxente, destinadas a paliar os efectos desta importante adversidade climática, no marco da necesaria cooperación coas comunidades autónomas afectadas.

Aínda que é certo que o Plan de seguros agrarios combinados, subvencionados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e, de ser o caso, polas administracións autonómicas, constitúe a referencia obrigada na loita contra as adversidades climáticas, a extraordinaria incidencia desta seca aconsella a adopción de medidas, a título excepcional, que complementen a acción dos seguros agrarios para minorar os serios quebrantos ocasionados na economía das explotacións agrarias afectadas.

Nesta orde de ideas, establécese unha liña de préstamos de mediación do Instituto de Crédito Oficial (ICO) con dúas modalidades, unha de xuros bonificados, e outra reservada a situacións de excepcional gravidade en ámbitos territoriais e producións agrarias limitados, en que se prevén, ademais, subvencións ás amortizacións de principal.

Así mesmo, establécense medidas dirixidas a adecuar as cargas tributarias á capacidade adquisitiva dos titulares afectados e a flexibilizar o cumprimento das obrigas

de pagamento á Seguridade Social, así como a eximir os titulares das explotacións de regadío afectadas pola seca dos pagamentos derivados da utilización da auga de rega.

Co fin de reducir o impacto negativo da seca nos regadíos e de mellorar as condicións de aproveitamento e xestión da auga, prevese a realización urxente de determinadas obras hidráulicas para a modernización e mellora de regadíos existentes que posibilitarán considerables aforros nas dotacións de auga necesaria para os regadíos. Para tal fin, decláranse de interese xeral estas obras que se realizarán no marco de previsións do Plan nacional de regadíos aprobado polo Real decreto 329/2002, do 5 de abril.

Para atender as necesidades de auga das explotacións gandeiras en réxime extensivo, en que se esgotasen as súas fontes de subministración habituais, prevese a construción de bebedoiros ou puntos de subministración de auga e, de ser o caso, a mellora dos realizados con motivo de anteriores secas.

Polo Real decreto lei 1/2005, do 4 de febreiro, adoptáronse medidas urxentes para paliar os danos ocasionados no sector agrario polas xeadas acaecidas no mes de xaneiro de 2005. Posteriormente, a repetición das baixas temperaturas ao longo do mes de febreiro e nos primeiros días do mes de marzo obrigou a ampliar o ámbito temporal de cobertura das medidas inicialmente previstas, ampliación que se levou a cabo a través do Real decreto lei 6/2005, do 8 de abril.

En uso da habilitación contida na disposición derradeira primeira do Real decreto lei 1/2005, do 4 de febreiro, ditouse a Orde TAS/899/2005, do 5 de abril, para a correcta aplicación das medidas anteriormente mencionadas nos aspectos referentes á moratoria e exención no pagamento de cotas á Seguridade Social nos meses afectados.

No entanto, a intensidade e singularidade dos prexuízos causados polas baixas temperaturas exige a adopción de novas medidas excepcionais de carácter urxente para restablecer o antes posible a normalidade económica nas zonas afectadas polas xeadas. Esa situación excepcional propiciou o acordo do 25 de abril de 2005 entre o Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais e as federacións agroalimentarias da Unión Xeral de Traballadores e de Comisiós Obreiras, con obxecto de paliar os efectos das devanditas inclemencias meteorolóxicas.

Estas medidas excepcionais urxentes son de dous tipos: por unha parte, a magnitude e peculiaridade dos danos producidos polas xeadas puxo de manifesto a necesidade de estender as medidas laborais e de Seguridade Social a subsectores directamente vinculados co sector agrario, como son os de manipulado e transformación dos froitos e produtos agrícolas, nos que aqueles danos ocasionados nas explotacións agrarias propiamente ditas pola extrema climatoloxía adversa se traduciron, de forma simultánea e paralela, na redución ou paralización da actividade produtiva e laboral con igual rigor que no sector agrario.

Por outra parte, a importancia dos danos ocasionados polas xeadas dificulta gravemente a consecución do número mínimo de xornadas reais cotizadas precisas para acceder aos subsidios por desemprego e á renda agraria dos traballadores eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social nas comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura, o que fai necesario facilitar con carácter urxente e transitorio o cumprimento dos requisitos exixidos aos traballadores eventuais agrarios das ditas comunidades autónomas que residan nos territorios afectados polas xeadas para acceder a esas presentacións asistenciais nos reais decretos 5/1997, do 10 de xaneiro, e 426/2003, do 11 de abril.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación, Economía e Facenda,

Traballo e Asuntos Sociais e Medio Ambiente e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de xuño de 2005,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto lei ten por obxecto establecer medidas de apoio e, de ser o caso, a concesión de axudas aos titulares das explotacións agrarias situadas nos ámbitos territoriais afectados pola seca neste ano agrícola, que sufrisen perdas de produción bruta nos cultivos ou nos aproveitamentos gandeiros de, polo menos, un 20 por cento da produción normal en zonas desfavorecidas, e dun 30 por cento nas demais zonas, de conformidade cos criterios establecidos pola Unión Europea.

2. Por orde conxunta dos ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente, oídas as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector, delimitaranse os ámbitos territoriais afectados para a aplicación das medidas previstas.

Artigo 2. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias, realizadas nas zonas que determine a orde ministerial que se dite en desenvolvemento do artigo 1 deste real decreto lei, e conforme as previsións contidas no punto 4.1 do artigo 35 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, o Ministerio de Economía e Facenda, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto a que se refire a Orde EHA/3902/2004, do 29 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2005 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

Artigo 3. *Medidas laborais e de Seguridade Social.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa nos danos producidos pola seca de que se fai mención no artigo 1 terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá exonerar o empresario do aboamento das cotas á Seguridade Social no primeiro suposto mentres dure o período de suspensión, e mantérase a condición do dito período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores serán por conta do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos expedientes en que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo con base en circunstancias excepcionais, a autoridade laboral poderá autorizar que o tempo en que se perciban as presentacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que traian a súa causa inmediata na seca, non se compute para efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que reciban presentacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nos ditos expedientes que

carezan dos períodos de cotización necesarios para teren dereito a elas.

2. As empresas e os traballadores por conta propia titulares das explotacións agrarias afectadas pola seca, incluídos en calquera réxime da Seguridade Social, poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos, unha moratoria dun ano sen xuro no pagamento das cotizacións á Seguridade Social correspondentes aos meses de xullo de 2005 a febreiro de 2006, ambos inclusive, así como no pagamento das cotas polas xornadas reais correspondentes ao mesmo período.

3. Os titulares de explotacións agrarias inscritos no réxime especial agrario da Seguridade Social, como traballadores por conta propia, ou no réxime de traballadores autónomos, na actividade de agricultura, gandaría, caza e silvicultura, nas zonas afectadas pola seca nos termos previstos no artigo 1, poderán solicitar e obter unha redución do 50 por cento no pagamento das cotizacións á Seguridade Social por continxencias comúns correspondentes aos meses de xullo de 2005 a febreiro de 2006, ambos inclusive, con dereito a devolución das reducións das cotas xa aboadas.

A diminución de ingresos na Tesouraría Xeral da Seguridade Social como consecuencia da aplicación das reducións reguladas neste punto será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

4. Os cotizantes á Seguridade Social que teñan dereito aos beneficios establecidos nos puntos anteriores e satisfixesen as cotas correspondentes ás exencións, á moratoria ou ás reducións de que se trate poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas, incluídas, de ser o caso, as recargas e custas correspondentes. Se o que tivese dereito á devolución fose debedor á Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento de débedas pendentes coa Seguridade Social na forma que legalmente proceda.

Artigo 4. *Exención das exaccións relativas á dispoñibilidade de auga para rega.*

No exercicio 2005, para as explotacións agrarias de regadío a que se refire o artigo 1.2, concédense as seguintes exencións:

a) A cota da tarifa de utilización da auga e do canon de regulación establecidos no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

b) As achegas correspondentes aos gastos fixos e variables de funcionamento da tarifa de condución das augas incluídas nas alíneas b) e c) do artigo 7.1 da Lei 52/1980, do 16 de outubro, de regulación do réxime económico da explotación do acueduto Texo-Segura.

Os suxeitos pasivos das exaccións sinaladas que satisfixesen total ou parcialmente as cotas correspondentes terán dereito a pedir a devolución das cantidades ingresadas.

Artigo 5. *Préstamos de mediación do ICO.*

1. Instrúese o ICO, na súa condición de axencia financeira do Estado, para establecer unha liña de préstamos de mediación por importe global de 750 millóns de euros, que poderá ser ampliada polo Ministerio de Economía e Facenda, en función da avaliación dos danos e da demanda conseguinte.

2. Esta liña de préstamos destínase aos titulares de explotacións de gando bovino, ovino, caprino, equino e porcino en réxime extensivo ou de explotacións apícolas, para afrontar os custos adicionais da alimentación do gando e outros ocasionados pola seca, así como aos de explotacións agrícolas de secaño, afectadas pola seca nos

termos establecidos no artigo 1, ou de regadío que tivesen reducións nas dotacións de auga de rega de, polo menos, o 20 por cento das dotacións habitualmente dispoñibles e se visen afectadas na súa produción nos termos establecidos no artigo 1.

3. Os titulares das explotacións gandeiras en réxime extensivo anteriormente citadas e das explotacións agrícolas de secaño deberanse comprometer a subscribir o correspondente seguro que inclúa a cobertura de risco de seca para a próxima campaña para seren beneficiarios destes préstamos. O incumprimento deste compromiso dará lugar á perda das bonificacións ou, de ser o caso, subvencións vinculadas aos préstamos.

4. As condicións dos préstamos serán as seguintes:

- a) Importe máximo: segundo baremos determinados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.
- b) Prazo: cinco anos. De ser o caso, poderase incluír un ano de carencia para o pagamento do principal.
- c) Xuros: o tipo de cesión do ICO ás entidades financeiras colaboradoras será fixo e igual ao establecido polo ICO para os préstamos de tipo fixo nas mesmas condicións de prazo e carencia.
- d) Marxe de intermediación: ata un 0,75 por cento.
- e) Vencementos de pagamento: anuais para os xuros e para as amortizacións do principal.
- f) Vixencia da liña: ata o 31 de decembro de 2005.

5. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación bonificará con cargo aos seus orzamentos o tipo de xuro anual nominal ata en dous puntos porcentuais, sen superar o 50 por cento do tipo de xuro que resultaría para o beneficiario sen computar subvencións.

6. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá subvencionar o custo dos avais da Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria, no caso de que fosen necesarios para a obtención dos préstamos, nas condicións e ata os límites que se determinen.

7. En casos de incidencia especialmente grave da seca nos sectores de gandaría en réxime extensivo e da apicultura, en determinados ámbitos territoriais, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá subvencionar parcialmente o importe de amortizacións de principal dos préstamos nas condicións que determine este departamento ministerial.

8. As subvencións vinculadas a estes préstamos serán compatibles coas que poidan regular as administracións autonómicas, tanto para reducir o tipo de xuro ao beneficiario como, de ser o caso, para minorar o pagamento de amortizacións de principal.

9. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá modular as bonificacións de xuros e, de ser o caso, as minoracións de amortizacións de principal, con cargo aos seus orzamentos, segundo criterios obxectivos que priorizarán aos asegurados no Plan de seguros agrarios combinados e poderán ter en conta, tamén, a dedicación e procedencia das rendas dos titulares, as orientacións produtivas das explotacións e o réxime de afiliación á Seguridade Social.

10. Para os efectos de acreditar a condición de beneficiario desta liña de préstamos, así como o importe máximo do préstamo correspondente, a bonificación do tipo de xuro e, de ser o caso, as subvencións para minorar o principal, requirirase a presentación dunha certificación de recoñecemento de dereitos expedida pola Administración competente.

Artigo 6. *Construción de bebedoiros ou puntos de subministracións de auga para a gandaría extensiva.*

Para atender as necesidades de auga das explotacións gandeiras de réxime extensivo en que a seca esgotase as súas fontes de subministración habituais, autorízase o

Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para realizar, con carácter de emerxencia, as obras necesarias para construír puntos de subministración de auga ou mellorar os existentes, logo de informe favorable emitido polo Ministerio de Medio Ambiente no prazo máximo de 10 días, dos que serán beneficiarios os municipios afectados. Estas obras terán a consideración das previstas no artigo 61.a) e concordantes da Lei de reforma e desenvolvemento agrario e financiaranse con cargo aos orzamentos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ata un importe máximo de cinco millóns de euros.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en coordinación coas comunidades autónomas, articulará a aplicación do disposto no parágrafo anterior.

Artigo 7. *Obras hidráulicas urxentes para a mellora e modernización de regadíos existentes.*

1. Decláranse de interese xeral as obras de mellora e modernización de regadíos que figuran no anexo.

2. As obras incluídas no anexo levarán implícitas as declaracións seguintes:

- a) A de utilidade pública para os efectos previstos nos artigos 9, 10 e 11 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.
- b) A de urxencia para os efectos da ocupación dos bens afectados a que se refire o artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

3. Esta declaración de interese xeral permitirá as expropiacións forzosas requiridas para as ditas obras e a urxente ocupación dos bens afectados.

Artigo 8. *Utilización de infraestruturas de conexión interbacías.*

As infraestruturas de conexión entre o encoro do Negratín e o de Cuevas de Almanzora poderán ser utilizadas, durante os anos 2005 e 2006 para as transaccións reguladas na sección 2.^a do capítulo III do título IV do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.

Sen prexuízo do disposto no artigo 69.3 do texto refundido da Lei de augas, o réxime económico financeiro aplicable a estas transaccións polo uso das infraestruturas será o establecido nas normas singulares que regulan a citada transferencia.

Artigo 9. *Réxime de contratación.*

Poderán ter a consideración de emerxencia, para os efectos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, as obras realizadas ao abeiro deste real decreto lei, así como as actuacións derivadas da declaración das situacións excepcionais reguladas no artigo 58 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, calquera que sexa a súa contía.

Artigo 10. *Convenios de colaboración.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o ICO subscribirán o oportuno convenio de colaboración para determinar as condicións de concesión dos préstamos da liña ICO previstos neste real decreto lei e o pagamento das subvencións vinculadas a estes. Así mesmo, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá subscribir un convenio de colaboración coa Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria para establecer as condicións de concesión dos avais que resultasen necesarios para a obtención dos préstamos da liña ICO e o paga-

mento das subvencións do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ao custo destes avais.

Artigo 11. *Coordinación de actuacións.*

Os delegados do Goberno nas comunidades autónomas coordinarán cos departamentos ministeriais, coas comunidades autónomas e cos entes locais afectados o seguimento e a execución das medidas adoptadas en relación coa seca.

Disposición adicional primeira. *Límites das axudas.*

O valor das axudas concedidas en aplicación deste real decreto lei non poderá superar, en ningún caso, a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puidesen conceder outros organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou correspondesen en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

Disposición adicional segunda. *Créditos orzamentarios.*

O financiamento das actuacións que realice o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en aplicación do disposto neste real decreto lei, realizarase con cargo a créditos do propio departamento, e para os seus efectos realizaranse as transferencias de crédito que sexan necesarias sen que resulten de aplicación as limitacións contidas no artigo 52.1.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, respecto da realización de transferencias de crédito desde operacións de capital a operacións correntes.

As diminucións de ingresos que se produzan nas federacións hidrográficas como consecuencia das exencións previstas no artigo 4 deste real decreto lei serán compensadas, nun 50 por cento, con cargo ao Fondo de continxencia de execución orzamentaria.

Disposición adicional terceira. *Anticipos de axudas vinculadas a determinados préstamos para a mellora e modernización de estruturas agrarias.*

Nos termos municipais afectados pola seca, con carácter preferente, poderase efectuar o pagamento anticipado do importe total das axudas de minoración de anualidades de amortización do principal dos préstamos acollidos ao Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, daqueles expedientes de que se dispoña da correspondente certificación final de cumprimento de compromisos e realización de investimentos.

Disposición adicional cuarta. *Condicionabilidade das axudas.*

A efectividade das axudas reguladas neste real decreto lei queda condicionada á decisión favorable da Comisión Europea sobre a súa compatibilidade co ordenamento xurídico comunitario.

Disposición adicional quinta. *Ampliación do ámbito funcional das medidas laborais e de Seguridade Social previstas nos reais decretos lei 1/2005, do 4 de febreiro, e 6/2005, do 8 de abril.*

1. As medidas laborais e de Seguridade Social establecidas no artigo 5 do Real decreto lei 1/2005, do 4 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos ocasionados no sector agrario polas xea-

das acaecidas no mes de xaneiro de 2005, coa extensión temporal aos meses de febreiro e marzo de 2005 establecida polo Real decreto lei 6/2005, do 8 de abril, e no ámbito territorial establecido pola Orde APA/1109/2005, do 25 de abril, aplicaranse, co alcance temporal e territorial prescrito nas ditas normas, aos danos ocasionados polas xeadas no volume de actividade e traballo nas actividades de manipulación e transformación dos produtos agrícolas.

2. De acordo co disposto no punto anterior, os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa nos danos producidos no sector agrario polas xeadas durante os meses e nos territorios afectados, e a súa conseqüente repercusión directa nas actividades de manipulación e transformación dos produtos agrícolas, consideraranse provenientes dunha situación de forza maior cando se acrediten as perdas de actividade e traballo nas actividades referidas; en tales casos aplicaranse as medidas establecidas no artigo 5.1 do Real decreto lei 1/2005, do 4 de febreiro, nos seus propios termos e conforme as normas de desenvolvemento establecidas en materia de Seguridade Social pola Orde TAS/899/2005, do 5 de abril.

3. As medidas de moratoria no pagamento das cotizacións á Seguridade Social previstas no punto 2, así como os procedementos de devolución das cantidades ingresadas a que se refire o punto 3, ambos do artigo 5 do Real decreto lei 1/2005, do 4 de febreiro, serán de plena aplicación no ámbito funcional establecido no punto 1 desta disposición adicional, nos termos establecidos pola Orde TAS/899/2005, do 5 de abril.

Disposición adicional sexta. *Redución do número mínimo de xornadas reais cotizadas para acceder ao subsidio por desemprego ou á renda agraria en favor dos traballadores eventuais agrarios afectados polas xeadas.*

1. Os traballadores por conta allea de carácter eventual incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura, que residan no ámbito territorial afectado polas xeadas a que fan referencia os reais decretos lei 1/2005, do 4 de febreiro, e 6/2005, do 8 de abril, que se delimita na Orde APA 1109/2005, do 25 de abril, poderán ser beneficiarios do subsidio por desemprego que regula o Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, ou da renda agraria que regula o Real decreto 426/2003, do 11 de abril, mesmo cando non teñan cuberto no réxime especial agrario da Seguridade Social o número mínimo de xornadas reais cotizadas establecido no artigo 2.1.c) ou no artigo 2.1.d) dos citados reais decretos, respectivamente, sempre que teñan cuberto no réxime especial agrario da Seguridade Social un mínimo de 25 xornadas reais cotizadas nos 12 meses naturais inmediatamente anteriores á situación de desemprego, reúnan o resto dos requisitos exixidos e o soliciten nos 365 días seguintes ao da entrada en vigor deste real decreto lei.

2. Cando se aplique o previsto no punto 1 desta disposición adicional, considerarase acreditado un número de 35 xornadas reais cotizadas para os efectos do establecido:

a) No artigo 5.1.a) do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro.

b) Nos artigos 4.1 e 5.1.a) do Real decreto 426/2003, do 11 de abril.

3. Nas solicitudes que se presenten nos 365 días seguintes ao da entrada en vigor deste real decreto lei no ámbito territorial indicado no punto 1 desta disposición adicional:

a) Para aplicar a disposición transitoria primeira do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, deberase completar

un número mínimo de 25 xornadas reais, cotizadas, na forma prevista na dita disposición.

b) Para aplicar o establecido no punto 2 da disposición transitoria segunda do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, cando se acredite un número igual ou superior a 25 xornadas cotizadas, considerarase acreditado un número de 35 xornadas cotizadas.

Disposición adicional sétima. *Réxime das cooperativas agrarias situadas nas zonas afectadas.*

As cooperativas agrarias con domicilio fiscal nos ámbitos territoriais a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei e o artigo 1 do Real decreto lei 1/2005, do 4 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos ocasionados polas xeadas acaecidas no mes de xaneiro de 2005, respecto das operacións realizadas con terceiros non socios dentro do ano 2005, calquera que sexa o inicio dos períodos impositivos que completen o devandito prazo, terán o seguinte réxime:

a) Non será de aplicación o límite máximo a que se refire o punto 4 do artigo 93 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas.

b) Non será de aplicación o límite máximo a que se refire o punto 10 do artigo 13 da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, sen que iso determine a perda da condición de cooperativa especialmente protexida, sen prexuízo de que estas operacións determinen rendementos extra cooperativos.

c) Os devanditos límites serán aplicables para as operacións cooperativizadas con terceiros non socios realizadas durante o resto do período impositivo que, de ser o caso, non estea comprendido dentro do ano 2005.

Disposición transitoria primeira. *Solicitudes do subsidio por desemprego e da renda agraria, presentadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, polos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social das comunidades autónomas de Andalucía e Extremadura que residen no ámbito territorial afectado polas xeadas.*

O disposto na disposición adicional sexta deste real decreto lei seralles tamén de aplicación aos traballadores referidos nel que presentasen, entre o 1 de xaneiro de 2005 e antes da entrada en vigor deste real decreto lei a solicitude do subsidio por desemprego que regula o Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, ou a renda agraria que regula o Real decreto 426/2003, do 11 de abril, sempre que

presenten unha nova solicitude a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

Disposición transitoria segunda. *Ampliación e reapertura de prazos relativos a outras disposicións.*

1. Ampliase ata o día o 15 de novembro de 2005 o prazo para a disposición de fondos dos préstamos do ICO establecido no artigo 6.3.e) do Real decreto lei 1/2005, do 4 de febreiro, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos ocasionados no sector agrario polas xeadas acaecidas no mes de xaneiro de 2005.

2. Con carácter excepcional, establécese para 2005 un segundo prazo da presentación de solicitudes de axudas para o desmantelamento de tractores antigos con adquisición de novos modelos, conforme o establecido no Real decreto 178/2005, do 18 de febreiro, polo que se regulan as ditas axudas.

O período de presentación das solicitudes quedará aberto desde o día seguinte ao da publicación deste real decreto lei e finalizará no prazo dun mes, contado desde a mesma data, e será aplicable exclusivamente a este exercicio de 2005.

Disposición derradeira primeira. *Titulo competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.1.^a, 7.^a, 13.^a, 14.^a e 17.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de regulación das condicións básicas sobre igualdade de dereitos dos españois, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e réxime da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO

DECLARACIÓN DE OBRAS DE INTERESE XERAL

A) OBRAS DE MELLORA E MODERNIZACIÓN DE REGADÍOS

COMUNIDADE AUTÓNOMA	OBRA	SUPERFICIE (ha)	ORZAMENTO (miles de euros)
Andalucía	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes de Aguas Residuales de San Pedro, no TM de Jódar (Jaén).	127	900
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes del Sector VIII de las Zonas Altas Vegas del Guadalquivir, TM Úbeda (Jaén).	202	1.300
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes del Sector IX de las Zonas Altas Vegas del Guadalquivir, TM Úbeda (Jaén).	581	3.500
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes del Sector IV de las Zonas Altas Vegas del Guadalquivir, TM Úbeda (Jaén).	418	3.200
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes del Sector V de las Zonas Altas Vegas del Guadalquivir, TM Santo Tomé (Jaén).	525	3.500
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes del Sector VI de las Zonas Altas Vegas del Guadalquivir, TM Torreperogil (Jaén).	250	1.500
	Modernización de regadíos Comunidad General Usuarios TTMM Gualchos, Polopos, Rubite e Sorvilán (Granada).	1.500	9.000
	Modernización de regadíos Junta Central Usuarios del Canal del Cacín na veiga de Granada (Granada).	6.000	20.000
	Modernización de regadíos Comunidad General Usuarios del Canal de Guadix, TT.MM. Guadix, Purullena, Fonelas e Graena (Granada).	5.000	24.000
	Modernización de regadíos Comunidad de Guajar-Faragüit e Guajar-Fondón, TM Los Guajares (Granada).	220	2.200
	Modernización de regadíos comunidades Los Maceros e Pozo Once Vázquez, TM Almuñécar (Granada).	280	2.000
	Mellora de regadíos comunidades regantes El Fresno en Moguer e Lucena del Puerto (Huelva).	3.618	24.000
	Mellora de regadíos en comunidades regantes Llanos-Juntillas e Río Nacimiento, TM Coín (Málaga).	656	6.000
	Mellora de regadíos en Comunidad Regantes Manantial de Planos, TM Yunguera (Málaga).	160	1.200
	Mellora de regadíos Junta Central Usuarios del Río Benamargosa, TT.MM. Benamargosa, Cútar e Vélez-Málaga (Málaga).	1.436	8.000
	Modernización de regadíos da comarca dal Guadajoz (Córdoba).	2.600	10.920
	Modernización canle da z.r. marxe dereita baixo Guadalete (Cádiz).	1.000	180
	Modernización e acondicionamento do azude z.r. Villamartín (Cádiz).	3.000	180
	Modernización canle e estación elevadora da z.r. marxe esqda. do baixo Guadalete (Cádiz).	2.000	180
	Modernización colector cinto e desaugadoiros z.r. marxe dereita do baixo Guadalete (Cádiz).	1.000	120
	Modernización colector principal das marismas de Sanlúcar e Algaida (Cádiz).	6.000	150
	Modernización colectores z.r. do Barbate (Cádiz).	9.000	180
	Modernización rede de saneamento z.r. de Villamartín (Cádiz),	3.000	60
Modernización rede de saneamento zona costa noroeste de Cádiz.	12.000	60	
Modernización de regadíos na comarca de Bajo Andarax, Campos de Níjar, TTMM de Santa Fé, Gador, Pechina, Rioja, Viator, Huerca de Almería, Benhadux, Almería e Níjar (Almería).	3.607	8.620	

COMUNIDADE AUTÓNOMA	OBRA	SUPERFICIE (ha)	ORZAMENTO (miles de euros)
	Modernización de regadíos na comarca de Campo de Dalías, TTMM de Adra, Berja, Dalías, El Ejido, La Mojonera, Roquetas de Mar, Vicar, Enix e Felix (Almería).	17.067	25.940
	Modernización de regadíos na comarca Río Nacimiento, TTMM de Fiñana, Abrucen, Abla, Las Tres Villas, Nacimiento, Alboloduy, Santa Cruz de Marchena, Alsodux e Alhabia (Almería).	4.150	4.460
	Modernización de regadíos na comarca de Los Vélez, TTMM de Vélez Rubio, Vélez Blanco, Chirivel e María (Almería).	2.037	3.220
	Modernización de regadíos na comarca Campo de Taberna Filabres, TT.MM. de Gergal, Olula de Castro, Castro de Filabres, Velefique, Senes, Tahal, Chercos, Lijar, Alcudia, Albánchez, Córdar, Benitagla, Benizalón, Uleila del Campo, Luibrín, Sorbas, Lucainena de las Torres, Turrillas e Tabernas (Almería).	756	2.010
	Modernización de regadíos na comarca do Alto Almanzora, TTMM de Alcóntar, Serón, Tijola, Bayarque, Bacaes, Lúcar, Armuña de Almanzora, Sierro, Suffli, Laroya, Purchena, Somontín, Urracal, Macael, Olula del Río, Oria, Fines, Cantoria, Partalao, Albox, Arboleas, Taberno, Zurgena (Almería).	9.557	22.740
	Modernización de regadíos na comarca do Bajo Almanzora Levante, TTMM de Huerca Overa, Cuevas de Almanzora, Pulpí, Antas, Vera, Bédar, Los Gallardos, Mojácar, Garrucha, Turre e Carboneras (Almería).	19.668	14.140
	Modernización de regadíos na comarca do Alto e Medio Andarax, TTMM de Bayarcal, Paterna del Río, Alcolea, Láujar de Andarax, Fondón, Beires, Almocita, Padules, Canjáyar, Ragol, Instinción, Illar, Bentarique, Terque, Huécija, Alicun e Alhama (Almería).	4.519	18.830
	Modernización de regadío na CR Torre del Águila, TM de Utrera (Sevilla).	2.000	6.000
	Modernización de regadío na CR Isla Redonda y Grupo Colonización, TM de Écija (Sevilla).	95	472
	Modernización de regadío na CR Agrupación Cercado del Rey, TM de Utrera (Sevilla).	585	1.755
	Modernización de regadío na CR Vega de Coria del Río, TM Coria del Río (Sevilla).	2.000	6.000
	TOTAL ANDALUCÍA	126.614	236.517

COMUNIDADE AUTÓNOMA	OBRA	SUPERFICIE (ha)	ORZAMENTO (miles de euros)
Aragón	Modernización da rede de rega na Comunidad de Regantes nº 1 do Canal del Cinca, TM de Barbastro (Huesca).	2.700	11.973
	Depósito de regulación "Sauvella", na Comunidad de Regantes "El Puntal", no TM de Tamarite de Litera (Huesca).	2.518	8.017
	Modernización de regadío das comunidades de regantes "La Concepción" de Tamarite de Litera (Huesca); "Las Planas -Toma 0-4,7" de Algayón (Huesca) e "La Mola -Toma M-0,1 de Algayón (Huesca).	3.898	25.514
	TOTAL ARAGÓN	9.116	45.504

COMUNIDADE AUTÓNOMA	OBRA	SUPERFICIE (ha)	ORZAMENTO (miles de euros)
Illes Balears	Ampliación de regadíos con augas depuradas das EDAR da cidade de Palma.	500	3.500
	TOTAL ILLES BALEARS	500	3.500

COMUNIDADE AUTÓNOMA	OBRA	SUPERFICIE (ha)	ORZAMENTO (miles de euros)
Canarias	Modernización e mellora da zona sueste da illa de Tenerife, TTMM de Adeje, Guía de Isora e Santiago del Teide (Tenerife).	750	6.850
	Modernización e mellora da zona sueste da illa de La Palma, TTMM de Breña Alta, Breña Baja, Mazo e Fuencaliente (La Palma)	758	7.350
	Modernización e mellora dos regadíos da zona nordeste da illa de Gran Canaria, TTMM de Arucas, Telde, Ingenio, Agüimes e Santa Lucía de Tirajana (Gran Canaria).	1.000	6.500
	Modernización e mellora da rede de rega de El Golfo, illa de El Hierro, TM La Frontera (El Hierro).	325	2.600
	Modernización e mellora do regadío na zona centro sur de Fuerteventura, TM de Tuineje (Fuerteventura).	225	2.200
	Modernización e mellora da zona sur de La Gomera, Balsa e Rede de rega de Acanabre, TM Alajeró (La Gomera)	40	1.250
	Modernización e mellora do regadío na zona nordés de Lanzarote, TTMM de Tinajo e Teguise (Lanzarote).	100	1.450
	TOTAL CANARIAS	3.198	28.200

COMUNIDADE AUTÓNOMA	OBRA	SUPERFICIE (ha)	ORZAMENTO (miles de euros)
Castilla y León	Modernización de regadíos na zona regable do baixo Carrión da Comunidad de Regantes de los canales del Bajo Carrión, TTMM de Carrión de los Condes, Torre de los Molinos, Villoldo, Villanueva de Río, Castrillejo de la Olma, Lomas de Campos, Revenga de Campos, Manquillos, San Cebrián de Campos, Rivas de Campos, Paredes de Nava, Perales, Villaldavín e Becerril de Campos (Palencia).	7.480	49.650
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes del Canal de Zorita, TTMM de Valverdón, Almenara de Tormes e Juzbago.	450	3.200
	TOTAL CASTILLA Y LEÓN	7.930	52.850

COMUNIDADE AUTÓNOMA	OBRA	SUPERFICIE (ha)	ORZAMENTO (miles de euros)
Castilla - La Mancha	Modernización de regadíos tradicionais na zona de Priego, TM de Priego (Cuenca).	300	1.800
	Modernización da z.r. da veiga de El Picazo, TM de El Picazo, Pozorrubielos de La Mancha, Villanueva de la Jara e Casasimarro (Cuenca).	400	2.400
	Modernización da z.r. canle baixa do Alberche, TM de Talavera de la Reina e outros (Toledo).	3.000	18.000
	TOTAL CASTILLA-LA MANCHA	3.700	22.200

COMUNIDADE AUTÓNOMA	OBRA	SUPERFICIE (ha)	ORZAMENTO (miles de euros)
Cataluña	Entubado do final da levada principal do "Ulla de las Rocas" da Comunidad de Regantes Albesa, TM de Albesa (Lleida).	1.661	300
	Melloras na rede de abastecemento e distribución da rega, na Comunidad de Regantes de Aldover no TM de Aldover (Tarragona).	380	1.500
	Construción dun encoro agrícola, distribución de rega a presión e obras anexas, da Comunidad de Regantes de Fonollet nos TTMM de Almenar e Alguaire (Lleida).	525	1.700
	Mellora da rede de rega da Comunidad de Regantes "La Plana", Toma 2.2 da levada de Alguerri da Comunidade de Regantes de "La Plana" no TM de Almenar (Lleida).	111	171

COMUNIDADE AUTÓNOMA	OBRA	SUPERFICIE (ha)	ORZAMENTO (miles de euros)
Cataluña	Construción dun encoro agrícola e obras anexas, da Comunidade de Regantes de Almacelles no TM de Almacelles (Lleida).	4.258	1.368
	Modernización de regadío da Comunidade de Regantes Cavero-Vilaseca no TM de La Granja d' Escarp (Lleida).	337	515
	Construción dun encoro e estación de bombeo, da Comunidade de Regantes de SAT Vall Cansada no TM de Els Torms (Lleida).	80	202
	Recuperar e mellorar azude e rede de distribución mina da Horta de Martinet e Horta de la Sallida (Tarragona).	55	400
	Entubado rede de rega CR dels Reguers, TM Tortosa (Tarragona).	47	325
	Entubado rede de rega CR Masada de Bitem TM Tortosa (Tarragona).	100	300
	Mellora rede secundaria de rega CR Rec del Molí de Pals. Levada de Gualta (Girona).	900	1.200
	Entubado e mellora Real Canal de la Infanta, marxe esquerda do Llobregat, CR Real Canal de la Infanta D ^a . Luisa Carlota de Borbón.	480	3.500
	TOTAL CATALUÑA	8.934	11.481

COMUNIDADE AUTÓNOMA	OBRA	SUPERFICIE (ha)	ORZAMENTO (miles de euros)
Extremadura	Mellora e modernización de regadíos na CR de Mérida, TTMM de Mérida, regato San Serván e Calamonte.	5.225	6.400
	Mellora e modernización dos regadíos do Valle del Ambroz (Cáceres).	661	3.500
	Mellora e modernización dos regadíos da z.r. de Docenario Badajoz.	290	1.700
	Mellora e modernización dos regadíos da z.r. de Piedra Aguda (Badajoz).	650	3.400
	Mellora e modernización dos regadíos da z.r. de Jerez de los Caballeros (Badajoz).	1.350	9.500
	TOTAL EXTREMADURA	8.176	24.500

COMUNIDADE AUTÓNOMA	OBRA	SUPERFICIE (ha)	ORZAMENTO (miles de euros)
Región de Murcia	Plan de modernización dos regadíos da Comunidade de Regantes Hoya del Mollidar-Portichuelo, na zona regable con augas subterráneas "El Serral de Yecla", no TM de Yecla (Murcia).	2.709	29.307
	Planta desalgadora de osmose, encoro regulación e estacións elevadoras CR La Marina, TM Águilas (Murcia).	500	8.511
	Posta en rega CR arco sur Mar Menor e desalgadora dos caudais procedentes da EDAR de Cabo de Palos, TTMM La Unión e Cartagena (Murcia).	3.029	8.992
	Novos encoros reguladores, liña eléctrica de MT e modificación e mellora da automatización da zona regable de Jumilla CR Miraflores de Jumilla (Murcia).	1.530	4.185
	Electrificación e instalación de sondaxe de substitución, impulsión, recollida de pluviais, ampliación de encoro regulador e arquetas de posta en rega por goteo, CR Puerto Lumbreras (Murcia).	1.023	1.031
	TOTAL REGIÓN DE MURCIA	8.791	52.026

COMUNIDADE AUTÓNOMA	OBRA	SUPERFICIE (ha)	ORZAMENTO (miles de euros)
La Rioja	Modernización con revestimento de levadas regadíos da CR del Río Alhama en Alfaro.	1.640	4.324
	Modernización conduciós de rega CR Río Ebro, de Alfaro.	1.743	2.491
	TOTAL LA RIOJA	3.383	6.815

COMUNIDADE AUTÓNOMA	OBRA	SUPERFICIE (ha)	ORZAMENTO (miles de euros)
Comunidade Valenciana	Modernización de regadíos de apoio á oliveira e outras froiteiras da Comunidad de Regantes San Francisco de Paula, TM de Viver (Castellón).	505	2.138
	Modernización de regadíos de apoio á oliveira e outras froiteiras da Comunidad de Regantes de Azuébar, TM de Azuébar (Castellón).	120	551
	Modernización de regadíos da Junta Local de Aguas "Acequia de Rafelguaraf", TM de Rafelguaraf (Valencia).	250	1.749
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes Pozo San Pedro, TM de Vall d'Uixó (Castellón).	84	536
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes Castellnovo, TM de Castellnovo (Castellón).	200	1.151
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes Carrizales, TTMM de Elche e Santa Pola (Alacant).	1.778	25.000
	Modernización de regadíos da Comunidad General de Usuarios da bacía do Gironá, TT MM de Pedreguer, Gata de Gorgos, Ondara, El Verger, Els Poblets, Denia, Beniarbeig, Sanet i Negrals, Benimeli, Ráfol de Almunia, Sagra, Tormos, Orba e Benidoleig. (Alacant).	5.000	45.000
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes da levada de Daya Vieja, TM de Daya Vieja (Alacant).	296	2.516
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes Sindicato General de Aguas de Dolores, TTMM de Carral, Dolores, Almoradí, Daya Nueva, San Fulgencio e Guardamar del Segura (Alacant).	2.277	41.500
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes Sindicato Local de Riegos de Granja de Rocamora, TM de Granja de Rocamora (Alacant).	320	2.240
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes Sindicato General de Aguas de San Fulgencio, TM de San Fulgencio (Alacant).	700	4.900
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes Juzgado Privativo de Aguas de Formentera del Segura, TM de Formentera del Segura (Alacant).	681	4.767
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes Juzgado Privativo de Aguas de Benijófar, TM de Benijófar (Alacant).	115	805
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes Juzgado Privativo de Aguas del Azud de Alfeitamí, TTMM de Almoradí, Daya Nueva, Dolores, San Fulgencio, Formentera del Segura e Rojales (Alacant).	2.431	35.879
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes Sindicato Local de Riegos de Cox, TM de Cox (Alacant).	221	2.210
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes San Felipe Neri, TTMM de San Isidro e Crevillente (Alacant).	940	41.000
	Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes de Carral, TM de Carral (Alacant).	1.604	36.000
	Modernización de regadíos da Junta Central de Regantes de Turís, TM de Turís (Valencia).	2.300	13.644
Modernización de regadíos dos xulgados privativos de augas de Rojales e Guardamar del Segura, TTMM de Rojales e Guardamar del Segura (Alacant).	1.250	1.870	
Modernización de regadíos da Comunidad de Regantes de Bélgida, TM de Bélgida (Valencia).	366	368	

COMUNIDADE AUTÓNOMA	OBRA	SUPERFICIE (ha)	ORZAMENTO (miles de euros)
Comunidade Valenciana	Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes de las Fuentes Mayor y Menor, TM de Simat de la Valldigna (Valencia).	1.274	11.500
	Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes Alcalalí-Jalón, TTMM de Alcalalí e Jalón (Alacant).	101	595
	Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes Fuensanta de Jacarilla, TM de Jacarilla (Alacant).	1.050	7.212
	Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes de Albalera, TM de Albalera (Alacant).	3.500	11.503
	Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes San Onofre-Torremendo, TM de Hurchillo-Orihuela (Alacant).	3.300	15.682
	Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes El Grajero, TM de Orihuela (Alacant).	880	8.540
	Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes Las Dehesas, TM de Orihuela (Alacant).	900	7.739
	Modernización de regadíos da Comunidade de Regantes Augas de Cheste-Chiva, TM de Cheste (Valencia).	1.824	4.000
	Modernización dos regadíos das comunidades de regantes das canles altas do río Serpis de Ador e de Palma de Gandía, TTMM de Ador e Palma de Gandía (Valencia).	500	8.000
	Modernización dos regadíos de la Comunidade de Regantes Juzgado Privativo de Aguas de Callosa de Segura, TTMM de Callosa de Segura, Rafal, Redován, Orihuela e Cox (Alacant).	2.000	20.000
	Modernización dos regadíos da Comunidade de Regantes San Isidro e Realengo, TTMM de San Isidro, Albalera e Crevillente (Alacant).	1.281	12.000
	Modernización dos regadíos da Comunidade de Regantes de Villajoyosa, TM de Villajoyosa (Alacant).	1.400	13.500
	Modernización dos regadíos da SAT nº 3795 Riegos del Bullento, TM de Pego (Alacant).	663	800
	Modernización dos regadíos da Comunidade de Regantes Grupo de Agricultores Campo de Guardamar, TM de Guardamar del Segura (Alacant).	791	700
	TOTAL COMUNIDADE VALENCIANA	40.902	372.109

B) OBRAS DE MELLORA E MODERNIZACIÓN DE REGADÍOS NAS REDES DE TRANSPORTE E PRIMARIAS BACÍA DO GUADIANA:

Mellora e modernización de transporte e primarias nas zonas regables do Canal de Orellana: comunidade xeral e comunidades de veigas altas 1, veigas altas 2 e veigas altas 3.

Superficie: 56.000 ha.

Investimento estimado de 50 Meuros.

Mellora e modernización das redes de transporte e primarias nas zonas regables do Canal de Montijo: comunidades de regantes Montijo, Badajoz e Guadiana.

Superficie: 27.000 ha.

Investimento estimado: 25 Meuros.

Mellora e modernización das redes de transporte e primarias nas zonas regables do Canal de Lobón: comunidade de Lobón, Badajoz, Talavera e Mérida.

Superficie: 9.700 ha.

Investimento estimado: 15 Meuros.

(Este real decreto lei inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no "Boletín Oficial del Estado" número 151, do 25 de xuño de 2005)